



Enquisa de poboación activa. Módulo sobre pensións e participación no mercado laboral

METODOLOXÍA

1. Introducción

A Enquisa Comunitaria de Forza de Traballo (EFT) é unha enquisa que se realiza de forma coordinada no ámbito de toda a Unión Europea, de acordo co indicado no regulamento 577/98 do Consello relativo á organización dunha enquisa por mostraxe sobre a poboación activa da Comunidade (diario oficial das Comunidades Europeas L-77, do 14 de marzo) ata 2020 e de acordo aos seguintes regulamentos a partir de 2021:

- Regulamento (UE) 2019/1700 do Parlamento Europeo e do Consello do 10 de outubro de 2019, polo que se establece un marco común para as enquisa europeas a fogares e
- Regulamento de execución (UE) 2020/1642 do 5 de novembro de 2020 así como outros regulamentos delegados e de execución polos que se establecen as variables, definicións e periodicidades de cada unha das variables da Enquisa de Forza de Traballo (EFT) europea que hai que proporcionar a partir do primeiro trimestre de 2021.

No caso de España, a EFT está incluída na Enquisa de Poboación Activa (EPA). A EPA axustouse ao regulamento 577/98 a partir do primeiro trimestre de 1999. Neste regulamento indicábase que os segundos trimestres de cada ano debíanse introducir na EFT unha serie de preguntas sobre temas particulares relacionados co mercado laboral, polo que ata 2005 en España realizábase o módulo ad-hoc nestes trimestres, xunto coa EPA.

En 2005 publicouse o regulamento 430/2005 polo que se abría a posibilidade de proporcionar un conxunto de variables chamadas estruturais, para unha submostra anual representativa do conxunto do ano. Neste caso, a recollida da información correspondente aos módulos debería facerse, xunto coas variables de submostra, durante todo o ano e para unha sexta parte da mostra.

Por iso, en España, a partir de 2006, o cuestionario do módulo pregúntase ao longo de todo o ano, nas sextas entrevistas que é onde se recolle a información das variables da submostra.

A partir de 2021 e conforme o Regulamento Delegado (UE) 2020/256 da Comisión do 16 de decembro de 2019 polo que se completa o regulamento (UE) 2019/1700 do Parlamento Europeo e do Consello, establécese unha planificación plurianual de variables de modo que os módulos anuais pasan a ser regulares e repítense cada oito anos. Ademais, cada catro anos, introdúcese un módulo novo que tratará sobre un tema diferente (módulo ad-hoc).

2. Obxectivo

O obxectivo deste módulo é facilitar datos sobre pensións e participación no mercado laboral das persoas que reciben unha pensión. Estúdanse os seguintes submódulos:

- Pensións recibidas
- Pensións que se esperan recibir
- Situación no momento de recibir a primeira pensión de xubilación

3. Ámbitos de investigación

Ámbito poboacional: o módulo vai dirixido a todas as persoas de 50 a 74 anos.

4. Deseño da enquisa

O deseño mostral do módulo sobre pensións e participación no mercado laboral coincide co da EPA, ao realizarse de forma conxunta, para un sexto da mostra trimestral, ao longo de todo o ano.

A EPA é unha enquisa por mostraxe, continua e de periodicidade trimestral que abrangue todo o territorio nacional. Está dirixida á poboación que reside en vivendas familiares principais, é dicir, as vivendas utilizadas todo ou a maior parte do ano como vivenda habitual e permanente. Non interveñen na enquisa nin os fogares colectivos (hospitais, residencias, cuarteis, conventos, ...) nin as vivendas secundarias ou de temporada.

Realízase unha mostraxe bietápica estratificada, onde as seccións censuais son as unidades de primeira etapa e as vivendas familiares as de segunda etapa. Enquísanse a todas as persoas que residen nas vivendas seleccionadas.

A mostra distribúese no espazo seguindo unha afixación de compromiso entre a proporcional e a uniforme. Distribúese á vez uniformemente ao longo das trece semanas que constitúen cada trimestre.

A mostra de seccións está dividida en seis submostras, chamadas quendas de rotación e cada trimestre substitúense as vivendas dunha quenda de rotación; deste xeito, cada familia é entrevistada durante seis trimestres consecutivos e é substituída por outra familia da mesma sección ao final dos seis trimestres.

O traballo de campo realizouse entre o 9 de xaneiro de 2023 e o 6 de xaneiro de 2024, que corresponde ao período de referencia do 2 de xaneiro de 2023 ao 30 de decembro de 2023.

5. Definicións

5.1. Pensión

Para este módulo considérase que unha pensión é un pago periódico, normalmente mensual, en efectivo. Os pagos únicos recibidos no pasado non se consideran pensións.

5.2. Pensión de xubilación

As pensións de xubilación teñen como obxectivo manter o nivel de vida da poboación que abandona o mercado laboral por razóns de idade, protexéndoa da pobreza.

Inclúense os seguintes tipos de pensións:

- Pensións de xubilación do sistema público
- Pensións provenientes de plans de pensións de xubilación de empresa
- Pensións provenientes de plans de xubilación persoais

Hai que ter en conta que, para os efectos deste módulo, unha vez que o beneficiario dunha pensión de invalidez ou dunha pensión de supervivencia acada ou supera a idade de xubilación legal/estándar, considérase que percibe unha pensión de xubilación.

5.3. Pensións de xubilación do sistema público

Son as que cobre a provisión de protección social contra os riscos vinculados á vellez: perda de ingresos, ingresos inadecuados e falta de independencia na realización das tarefas cotiás, menor participación na vida social, etc. A atención médica dos anciáns non se ten en conta, xa que os gastos de asistencia sanitaria consígnanse na partida dedicada a enfermidade e atención sanitaria.

O Sistema Público de Pensións recoñece dúas modalidades:

- **Contributiva:** requiren un período mínimo de cotización dos traballadores á Seguridade Social.
 - o Pensións do réxime xeral e dos réximes especiais da Seguridade Social.
 - o Pensión de vellez do Seguro Obrigatorio de Vellez e Invalidez (SOVI)
 - o Pensión contributiva segundo Regulamentos Comunitarios de Seguridade Social
 - o Pensión segundo convenios bilaterais doutros países coa Seguridade Social

Non se inclúen dentro das pensións contributivas do Sistema Público de Pensións:

- o As compensacións mensuais dalgunha empresa, prestacións por desemprego e por prexubilación debido a razóns do mercado laboral, que son pagos periódicos a traballadores maiores que se xubilan antes de acadar a idade legal de xubilación, por atoparse en desemprego ou por redución dos postos de traballo como consecuencia de medidas económicas. Normalmente estes pagos rematan cando a persoa adquire o dereito a unha pensión de xubilación.
 - o Prestación por redución da capacidade de traballo, é dicir, por discapacidade.
- **Non contributiva:** son prestacións económicas que se recoñecen aos cidadáns que, atopándose en situación de necesidade, carezan de recursos suficientes para a súa subsistencia nos termos legalmente establecidos, aínda que non cotizasen nunca ou o tempo suficiente para acadar unha prestación de nivel contributivo.

5.3.1 Pensións do réxime xeral e dos réximes especiais da Seguridade Social

Inclúense os seguintes tipos:

- **Xubilación ordinaria:** xubilación á que poden acceder os traballadores ao chegar á idade legal establecida para poder xubilarse sempre e cando cotizasen o número mínimo de anos requiridos pola Seguridade Social. Se a xubilación se produciu a partir da idade ordinaria e cun porcentaxe aplicable á base reguladora do 100%, poderase pasar á situación de xubilación activa, que permite compatibilizar a pensión de xubilación cun traballo por conta propia ou allea, a xornada completa ou parcial. Nesta situación percíbese o 50% da pensión, excepto que a actividade que se realiza sexa por conta propia e se acredite ter contratado polo menos un traballador por conta allea (neste caso a pensión acada o 100%).

- **Xubilación anticipada:** cando se accede á xubilación antes da idade legal establecida e sempre que se teña o mínimo de anos cotizados establecido en cada caso. A xubilación anticipada pode ser con o sen redución da pensión normal.
- **Xubilación de clases pasivas** (funcionarios en réxime especial) ao cumprir os 65 anos, con algunhas excepcións (os corpos docentes universitarios, maxistrados, xuíces, fiscais e letrados da Administración de xustiza e rexistradores da propiedade -estes últimos ingresados antes do 1 de xaneiro de 2015- xubílanse forzosamente aos 70 anos).
- **Xubilación de clases pasivas por retiro voluntario aos 60 anos** (funcionarios en réxime especial), sempre que teñan recoñecidos 30 anos de servizo.
- **Xubilación parcial:** permite ao traballador, de común acordo coa empresa, reducir a xornada de traballo entre un 25% e un 50%, e pasa a percibir a pensión de xubilación na cantidade proporcional inversa á redución da xornada. No caso de que o traballador non teña cumprida a idade regulamentaria de xubilación, a empresa deberá concertar un contrato de relevo con outro traballador.
- **Xubilación parcial da industria manufactureira:** aplica a regulación para a modalidade de xubilación parcial con celebración de contrato de relevo, vixente con anterioridade a entrada en vigor da lei 27/2011, a pensións causadas antes do 1 de xaneiro de 2023 e baixo certos requisitos.
- **Xubilación flexible:** permite aos perceptores dunha pensión de xubilación iniciar un traballo a tempo parcial cunha redución de xornada comprendida entre o 25% e o 50% sobre a xornada habitual da actividade e compatibilizalo coa pensión que estaba cobrando, reducida proporcionalmente a porcentaxe de xornada traballada a tempo parcial. Pódese aplicar a todos os réximes da Seguridade Social, excepto aos réximes de funcionarios civís do Estado, de Forzas Armadas e ao persoal ao servizo da Administración de Xustiza.
- **Xubilación especial aos 64 anos:** desaparece a partir do día 1 de xaneiro de 2013 aínda que se mantén para quen se lle poida aplicar a Lei 27/2011, que son traballadores de empresas que, en virtude dun convenio ou pacto, están obrigadas a substituír simultaneamente ao traballador que se xubila por outro que se atope inscrito como desempleado na oficina de emprego.

5.3.2 Pensión de vellez do Seguro Obrigatorio de Vellez e Invalidez (SOVI)

SOVI é un réxime residual que se aplica aos traballadores e aos seus derechohabientes que, ao reunir os requisitos esixidos pola lexislación do réxime extinto, non teñan dereito a unha pensión no actual sistema da Seguridade Social.

5.3.3 Pensión contributiva segundo Regulamentos Comunitarios de Seguridade Social

Corresponden a pensións para persoas que están o estiveron suxeitas á lexislación dun ou varios Estados membros, e sexan nacionais ou refuxiados nun deles, en un estado do espazo económico europeo, en Suíza, sexan apátridas ou sexan nacionais de terceiros países con residencia legal un estado membro da UE (salvo Dinamarca e Reino Unido).

5.4. Pensións provenientes de plans de pensións de xubilación de empresa (PPE)

Estes plans, tamén chamados plans de pensións de emprego, son contribucións que fan os empregadores, os empregados, ou ambos, en función dos ingresos, ou que fan os traballadores por conta propia inscritos como autónomos. O obxectivo é complementar a pensión pública de xubilación da Seguridade Social. O máis común é que se establezan mediante contratos de traballo ou convenios colectivos sectoriais ou profesionais, negociados polos interlocutores sociais.

5.5. Pensións provenientes de plans de pensións persoais

Son plans privados voluntarios que fan persoas con calquera entidade financeira sen que teña que existir ningunha relación laboral entre elas. Teñen por obxectivo proporcionar aforro para o momento da xubilación e realízase con aportes de capital. Non se teñen en conta neste grupo de pensións as que, unha vez chegada a idade de xubilación, se cobran nun único pago.

5.6 Pensións por discapacidade ou invalidez

De acordo co manual do Sistema Europeo Integrado de Estatísticas de Protección Social (SEEPROS), as pensións de invalidez comprenden as prestacións que proporcionan un ingreso a persoas por debaixo da idade legal de xubilación establecida no réxime de referencia cuxa capacidade para traballar está impedida máis alá dun nivel mínimo establecido pola lexislación por unha discapacidade física ou mental.

Inclúense as pensións por discapacidade ou invalidez do sistema público así como os plans de pensións para persoas con discapacidade, tanto de empresa como individuais.

Unha vez que o beneficiario dunha pensión de invalidez acada ou supera a idade legal de xubilación, considérase que recibe unha pensión de vellez e rexístrase como percibindo unha pensión de xubilación.

5.7 Pensións por incapacidade ou invalidez do sistema público

As pensións por discapacidade ou invalidez do Sistema Público poden ser contributivas ou non contributivas e tense dereito a elas en función dos diferentes graos de incapacidade:

- Incapacidade permanente parcial para a profesión habitual: a pesar de non acadar o grao total, ocasiona ao traballador unha diminución igual ou superior ao 33% no seu rendemento normal para a profesión habitual, sen impedirlle realizar as tarefas fundamentais de dita profesión.
- Incapacidade permanente total para a profesión habitual: inhabilita ao traballador para poder realizar a totalidade ou as tarefas fundamentais da súa profesión, sempre e cando poida dedicarse a outra distinta.
- Incapacidade permanente absoluta para todo traballo: inhabilita ao traballador para calquera profesión ou oficio.
- Gran invalidez: situación do traballador cunha incapacidade permanente e que, debido ás perdas anatómicas ou funcionais, necesita de asistencia doutra persoa para os actos máis esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, comer ou análogos.

5.8 Contribución a plans de pensións de xubilación

Recóllese a contribución a plans de pensións de xubilación das persoas que non reciben unha pensión de xubilación do sistema público nin tampouco procedente dun plan de pensións de empresa.

As provisións financeiras deben pagar o coste da vida das persoas na súa vellez. As provisións relevantes son dereitos que se derivan das contribución de un mesmo ou dun terceiro (o Estado ou o empregador) ao plan de pensións de xubilación ao sistema público, a un plan de pensións de empresas ou a un plan de pensións individual. As contribucións pódense deducir directamente do salario ou facerse a través de impostos.

5.9 Situación laboral cando percibiu a primeira pensión de xubilación

Recolle a valoración do propio entrevistado sobre a súa situación no mercado laboral e o posible cambio no momento en que comezou a recibir a pensión de xubilación.

O período de tempo considerado iníciase ao percibir o primeiro pago da pensión de xubilación e finaliza 6 meses despois. Por exemplo, unha persoa que deixou de traballar cando recibiu o seu primeiro pago e comezou a traballar noutro emprego tres meses despois, inclúense na categoría "Continuou traballando con cambios". Porén, unha persoa que deixou de traballar ao percibir o primeiro pago da súa pensión, pero volveu ao mesmo traballo ou a outro diferente sete meses despois inclúese en "Deixou de traballar".

Na categoría "Deixou de traballar" inclúense as persoas que traballaron e deixaron de traballar para xubilarse. A categoría "Non traballaba" aplícase a aquelas persoas que non estaban traballando xusto antes de xubilarse.